EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Reconquista, 1 - Teléfono 218204
VIGO-25-marzo-1974

Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a tua carta do día 31 de xaneiro. Estiven varias veces pra cha respostar, pero unha chea de obrigas e problemas foron demorando a contestación.

Non conozo ese traballo do crítico catalán aparecido na revista de Bellas Artes de Madrid, a que te refires. Gostaríame moito leelo, e aproveitar a leitura pra facer unha reseña bibliográfica en "Grial". ¿Cómo podería facerme con el? Tamén faremos no prósimo número da nosa revista un comento sobre dos derradeiros álbumes que editache.

Todos os que tiveron ocasión de conocer o artigo que publicóu hai tempo no "Faro" o poeta exiliado en Madrid, considerárono torpe e parvamente inxusto. De todos xeitos, ninguén lle deu maior importancia e agora está totalmente esquecido.

A edición de "Comunicacións mesturadas" síguese vendendo de a pouco. Como se trata dun volume que nunca perde actualidade, a súa saída non se interrumpe.

Alédame que te decidas a escribir ese libro sobre Maside. Coido que se trata de algo necesario e que a figura do grande artista merece. Ninguén coma ti, que viviche moi perto do home e da obra, podería facer con máis autoridade ese libro.

Por aquí todo anda máis ou menos como decote. A reedición do Félix Muriel tivo grande éxito de crítica, do que xa estarás enterado. Axúntoche un

C/c. Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano,
Banco Exterior de España, Caja de Ahorros Municipal de Vigo

comento de Alfaro publicado no ABC. ¿Qué che parece do asunto? Tamén acompaño outros dous recortes de "El Progreso" nos que se fala de ti.

Garimosos saúdos a Maruxa. De Evely pra os dous, e pra ti a cordial aperta de sempre, de

Paco